

Xoán sempre conta ovellas
antes de durmir.

Pero os porcos desta porqueira
queren que os conte a eles.

Conseguirano?



Despois de *O rabaño* chega... *A porqueira!*
Imaxinas contar porcos e non ovellas?



Dos mesmos autores:
O rabaño

ISBN: 978-84-10406-64-3 www.nubeocho.com




A PORQUEIRA



Margarita del Mazo


Guridi



nubeOCHO

A PORQUEIRA

Margarita del Mazo Guridi



*Ao Sr. G., un soñador rebelde e inspirador.
E a Juanito, que puxo a semente para esta historia.*

Margarita del Mazo

A PORQUEIRA

Margarita del Mazo
Guridi



A porqueira

Colección Somos8

© do texto: Margarita del Mazo, 2025
© das ilustracións: Guridi, 2025
© da edición: NubeOcho, 2025
© da tradución: Iria Carballo, 2025
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com


Título orixinal: *La piara*

Idea orixinal: Margarita del Mazo e Juan Amavisca Abu Salman

Primeira edición: Abril, 2025
ISBN: 978-84-10406-64-3
Depósito Legal: M-4843-2025

Impreso en Eslovenia.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



Os porcos somos animais felices. Por iso,
nunha porqueira sempre atoparás un
grupo de animais felices.

Pero os porcos tamén temos inquedanzas
e aspiracións. E facémonos preguntas.



Hai un tema que nos quita o sono desde hai tempo... Moitas noites, as nenas e os nenos teñen ovelliñas na súa cama. Xoán, por exemplo, chama ao rabaño cando quere durmir e non pode.

Por que non nos chama nunca a nós?



Un día decidín falalo con unha das ovellas.

—Hai anos que o rabaño axuda a durmir a Xoán. Por que non podemos probar nós algunha noite?

—Porque é un traballo para as ovellas. Non o poden facer uns porcos.



O insulto daquela ovella merecía unha resposta.

Inmediatamente, convoquei a toda a porqueira para contarlles o que sucedera.

—Compañeiros, acabouse! Imos demostrarlle a Xoán que somos superiores a esas ovellas. Grazas a nós, durmirá máis e mellor.





—Estamos de acordo?


—**Siii!!!** —berraron todos.

—Han saber o que vale un porco!


—**Siii!!!**

—Lograremos que Xoán non queira
as ovellas nos seus soños.

—**Siii!!!**



Estabamos emocionados. Puxémonos
pezuños á obra. Decidimos rapar as ovellas
mentres durmían e disfrazámonos coa súa la.



O problema foi que algúns se viron tan guapos
que non facían nin caso e esqueceron o plan.

Así se nos pasou a noite.

